



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.R.A. DE RIANXO

Atalaia - Asados

15984 RIANXO

☎ 981863305

cra.rianxo@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/crarian>



CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

Queridas familias o **venres día 17 de febreiro** celebraremos o Entroido co tradicional pasarrúas na **Escola de Rosalía de Castro de Cruceiro** para que tod@s @s nen@s, mestres e familiares que decidades acompañarnos, gocemos todos xuntos deste día de troula. Tamén nos gustaría organizar unha degustación de doces típicos do Entroido galego, polo que pedimos a colaboración de todas as familias para elaborar a merenda que compartiremos tod@s xunt@s neste día tan especial. Sen dúbida será unha gran festa pero organizala supón un esforzo por parte de tod@s, xa que como outros anos comezará uns días antes coa chegada do **Toribio** ás nosas escolas. Este ano os mandados son os seguintes e son de carácter acumulativo:

LUNS 13:

**O TORIBIO QUERE TROULEAR
E NESTE INTRE COMEZA A MANDAR:
"PON EN CADA PÉ UN CALCETÍN DIFERENTE
PERO QUE SE VEXAN PERFECTAMENTE!"**

MARTES 14:

**PARA NON PERDER A COMPOSTURA
VIRÁS CON ALGO NA CINTURA,
OBEDECE AO TORIBIO MANDÓN
VALE CINTA, TRAPO, MANDIL OU CINTURÓN!**

MÉRCORES 15:

**O TORIBIO PILLABÁN NON CHE DEIXA DE INVENTAR
SE MAÑÁ NA ESCOLA QUERES ENTRAR
TRAE ALGO NA CABECIÑA
PERO COUSA GRANDE, NON PEQUENIÑA!**

XOVES:16

**A MODA DO TORIBIO TERÁS QUE SEGUIR
E MANDA VIR A ESCOLA CON ESTE VESTIR:
"VEN ESPECTACULAR PERO EN PIXAMA
TAL E COMO SALTAS DA CAMA".**

Confiamos en vós para que sexades os "cómplices secretos" do noso Toribiño e animádevos a participar c@s vos@s fill@s acudindo tod@s disfrazad@s á escola de Cruceiro o venres 17.

Contamos pois coa vosa colaboración e aproveitamos para dar as grazas por anticipado e desexarvos un bo Entroido a todos e a todas.

***En caso de choiva a celebración da actividade será trasladada ao Centro Social do Araño, previo aviso do centro nos días previos á data sinalada. Ante calquera dúbida falade cas titoras dos vos@s fill@os.**



Moitas grazas!

Moi atentamente, o Equipo de Actividades Complementarias



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.R.A. DE RIANXO

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305

cra.rianxo@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/crarian>

